

CON MOTIVO DOS SUCESOS ACONTECIDOS O ANO PASADO, E POR RESPECTO A TODOS OS VECIÑOS E VECIÑAS FALECIDAS, NON SE CELEBRARÁN AS FESTAS DE SAN XACOBE. NO SEU LUGAR, REALIZARASE UNHA MISA EN MEMORIA DE TODAS AS VÍTIMAS NA IGREXA PARROQUIAL O VINDEIRO LUNS ÁS 19.00 HORAS.

VIII.

Ignacio fora un dos heroes cotiáns de Diego na súa nenez. Porén, acabado de instalar na vida adulta e coa experiencia contrastada dos varios meses compartindo fogar, a súa opinión sobre aquel fillo da irmá do seu falecido pai difería enormemente. Ese tempo de convivencia recente demostráralle que o seu curmán era un prosma insufrible que non merecía máis aló de cinco minutos de atención, pero non lle quedara outro remedio que viaxar á vila con el e logo soportar a súa compañía durante un par de semanas na súa antiga vivenda familiar, requisito ineludible esixido polos seus tíos se quería vivir alí de novo, por moita maioría de idade que xa tivese. Ninguén estaba moi de acordo coa súa decisión, psicólogo encargado da súa terapia de superación do dó inclusive, pero Diego amosárase tamén inflexible: el quería regresar á súa casa, e na dos tíos sentíase de prestado, por moi cariñosos e comprensivos que estes fosen. Sobre os seus sinceros sentimentos de gratitude cara a esa familia imperaba a morriña das cousas propias e afastadas. Vigo parecíalle demasiado impersoal para o contorno pequeno e aínda familiar no que se viñera desenvolvendo a súa vida, e non fora capaz de facer un só amigo no Centro de Formación Profesional onde o matricularan, mentres que na vila sempre gozara dun amplo círculo de relacións. Definitivamente, quería estar de novo na casa paterna, agora da súa exclusiva propiedade. Conseguira a palabra do dono da Sala de Festas-discooteca, achegado dun dos seus mellores amigos, de que tería contrato nela como

camareiro de fin de semana, e, contando con unha pequena paga que a súa curmá Neli, eficaz traballadora social, conseguira arranxarlle, máis o que lle faltaba da indemnización, contaba con poderse valer por si mesmo sen maiores complicacións. Ademais, e ante a conclusión inconfesable de que máis adiante podía ter medo de estar só nun piso tan grande, ofrecera a Paulo, outro amigo da panda, a posibilidade de ocupar o cuarto de matrimonio por unha mensualidade moi razoable. Preferira non valorar os posibles problemas coa veciñanza que podería traer consigo o acollemento dunha persoa que non se caracterizaba precisamente por un comportamento discreto, pero esa solución concreta viña garantir ao cabo a súa permanencia na vila sen necesidade de axudas externas e ante iso pagaba a pena obviar as posibles complicacións futuras.

A viaxe no vello utilitario de Ignacio resultara un pesadelo, e non só porque aquel coche era un verdadeiro poldro de torturas. O estilo de condución do seu curmán viría deixar por bo o dun mono borracho e, por se fose pouco, a insufrible verborrea daquel novo licenciado en Dereito e convencido militante de ONG medioambientais resultara unha tortura. Precisamente, un dos motivos para que o seu regreso á vila se realizara con aquel curmán concreto era pola súa cualificación específica en Leis. Esa mesma tarde, antes da misa, debía ir aos laboratorios coller o cheque que aínda lle adebedaban polos sucesos das festas de San Xacobe do ano anterior e probablemente, como pasara co primeiro dos recibidos, sería necesario discutir cantidades e condicións, algo no que, teoricamente, aquel licenciado novato sería máis destro, aínda que Diego tiña severas dúbidas a ese respecto. Aínda así, prefería de longo esa opción á outra posible de atoparse coa súa curmá Míriam e mais o imbécil do seu noivo,

un avogado novo de prestixio que miraba a todos por riba do ombro. Por sorte, ela dixerá verse incapaz de aturar novos pésames e actos en memoria de seus pais e el estaba moi ocupado co seu traballo, polo que non se presentarían por alí até que aparece algún comprador para a casa dos avós. A ambos familiares a opción de compra polos laboratorios non lles convencía moito, pero o tempo pasaba e aquela vivenda, inhabitable e maldita, non facía outra cousa que xerar gastos polo que, temía, acabarían aceptando a oferta.

O vello piso familiar estaba en moi bo estado. El esperara atoparse unha especie de panteón frío e húmido, con cheiro a pechado e cheo de po e arañeiras, pero o que descubriu a porta ao abriose foi un reluciente corredor cun suave arrecendo de ambientador floral. As distintas estancias presentaban similar aspecto, cos mobles brillantes, os chans fregados e incluso un par de camas feitas con sabas impolutas que invitaban ao sono despreocupado. Comprendeuse entón que Aurita, a súa veciña de relanzo, cumprira o encargo de ventilar a casa e comprobar o seu estado nos máis elevados niveis de excelencia, aínda que iso tamén traía como obriga inherente presentarse a saudala. Así pois, ensaiou a súa mellor cara de rapaz cariñoso e chamou na porta de enfrente, rogando porque esa muller estivese na misa, no mercado ou calquera dos sitios habituais polos que adoitaba moverse a esas horas da mañá, pero non era así nese día e Aurita asomou tras unha rápida comprobación pola mirilla. A súa reacción foi como Diego temera, un rosario de abrazos, bicos, lamentos e saloucos pola gran desgraza daquel neno, desvalido no mundo nunha idade tan difícil e vítima do maior dos infortunios, con nai, avós e tíos falecidos, unha irmá desaparecida na sima da que só rescataron restos irrecoñecibles e, para rematalo, aquela agonía do pai a

consecuencia das brutais feridas no accidente do Land Rover, catro días entre a vida e a morte, co corpo machucado polas diversas voltas apreixado entre metal e outros corpos na caída por aquela pendente intransitable. El contiña como podía as súas bágoas e asentía coa cabeza toda aquela enumeración de calamidades propias co dramatismo adicional que lles sabía engadir aquela boa señora. Non quería pasar por aquilo pero, por outra banda, esa era a mellor acción posible pois regresara para quedar e quería empezar ben con todo o mundo.

Tivo que esforzarse de verdade para rexeitar coa necesaria cortesía as invitacións ao xantar e á cea naquela casa e viuse obrigado a prometer que chamaría naquela porta para calquera cousa que necesitase, mesmo se unha noite se sentía especialmente sensible e quería durmir en compañía de máis xente, unha posibilidade da que el simulou burlarse como o home afeito que pretendía ser pero que, no fondo, agradeceu como solución posible. Unha vez rematada esa visita, pediu unha pizza ao servizo a domicilio do novo restaurante italiano que seu curmán e el comeron con apetito e, tras poñerse ambos a súa mellor roupa, encamiñáronse aos laboratorios.

Mentres esperaba no coche a que o vixilante da porta lles levantase a barreira, experimentou un ansia de difícil control por saír de alí correndo. O seu temor estaba tanto en que non sabía como podía reaccionar ante a xente que el seguía considerando responsable directa da morte dos seus familiares, como nas propias características da reunión pendente, que podía deixar en evidencia o que consideraba a súa verdadeira personalidade, a dun rapaz asustado con continuas ganas de chorar ante a simple mención do acontecido había un ano e un día. Non tivo maiores oportunidades de afondar no devandito dilema

porque axiña se viron acomodados no despacho dun xefiño de escala intermedia que, porén, se daba os fumes propios dun ministro. Ese empregado, tras un par de frases autoexculpatorias da compañía para a que se honraba en traballar, deslizoulles sobre a mesa un sobre pechado co seu nome escrito con rotulador de punta grosa e solicitoulle nun murmuro que asinase un recibín. Diego pensou entón que aínda estaba a tempo de ter a soñada reacción de dignidade, facendo anacos aqueles papeis e esixindo a berros as necesarias responsabilidades e a consecuente investigación até o fondo do verdadeiramente acontecido nas festas de San Xacobe do ano pasado. Seguía pensando que era unha débeda con toda a súa familia, con moitos dos seus veciños e, sobre todo, consigo mesmo, pois parte da súa mocidade quedara enterrada co cadaleito da súa irmá, dous meses despois da noite maldita, cando parte dos seus restos xa irrecoñecibles foran atopados nas profundidades da Cova da Meiga. Segundo as diversas hipóteses, ela debera caer alí mentres vagaba monte abaixo, o que viñera derrubar a súa última e desesperada esperanza de que ao menos sobrevivise alguén da súa casa. Non fora así, e por riba acabara por aceptar por boa aquela explicación do científico tolo co seu experimento mortal ao marxe de toda norma de seguridade da Compañía, unha escusa que soaba a Ciencia-Ficción en calquera revisión repousada, pero xa non lle quedaban ánimos para máis, a terapia e a medicación resultaran un lero monumental e quería empezar dunha vez coa súa nova vida. Tras comprobar a cantidade escrita no cheque, ao menos un vinte por cento máis elevada do calculado e que facía innecesaria a presenza do curmán na súa calidade de asesor legal novel, gardouno no peto interior da chaqueta e asinou obedientemente. Despois, os dous subiron onda a igrexa

parroquial, ese día cun aspecto máis tristeiro ca nunca. Ao lonxe, a filla pequena de Pico saudouno timidamente e el devolveulle un saúdo coa mesma timidez. Pensou o ben que estaría poder quedar con ela máis tarde para tomar algo, pero antes debía centrarse no acto en memoria dos falecidos. Era o último e necesario rito antes de converterse no Diego adulto que ninguén da vila coñecía, nin sequera el mesmo, así que se persignou con auga bendita e rezou coas dificultades debidas á total falta de práctica un Noso Pai.

Raúl viu a Diego entre as cortiñas da fiestra do seu despacho tanto ao entrar como ao saír, pero en ningunha desas ocasións tivo presenza de ánimo para baixar a saudalo. Déralle medo facelo, aínda que non deixaba de repetirse que non había motivo para tal temor. Pola contra, consideraba que podía ir ao encontro do neto dos Coelleiros coa cabeza ben alta. El e só el conseguíralle a substancial indemnización que agora se levaba en forma de cheque, el e só el conseguira o compromiso da Compañía de pagar todas as súas sesións de Psicoterapia e el, Raúl, o antigo e entregado pedáneo, conseguira que quen agora aboaba o seu salario se fixese cargo dos gastos de incineración da pobre irmá do rapaz, ao igual que se ocupara de mil cuestións semellantes de todos os veciños e veciñas daquela parroquia en que agora tanta xentalla resentida o miraba mal. Non entendía por que. Ao cabo, desde o seu novo posto continuaba a preocuparse polo benestar dos seus paisanos ao igual que fixera nos seus moitos anos ao fronte da Entidade Local Menor.

Seguía considerando que cumprira coa súa palabra dada. Aclarara até as últimas responsabilidades, tal e como xurara, pero resultara que as mesmas quedaran reducidas á imprudencia psicópata do señor Kellerman, responsable

do Sector Dous e que pola súa conta decidira emprender aquel experimento sobre virus sintéticos como fórmula para futuros fármacos para a anorexia pero, para horror de todos, demostrárase que dito remedio era unha auténtica caixa de Pandora das peores pulsións humanas, como a agresividade extrema ou a voracidade. Aquel desgraciado pagáralo coa súa propia vida e a empresa cunhas cantidades de diñeiro mareantes que non entendía nin como non a levaran á ruína máis absoluta. Quedara plenamente demostrado tanto nos Tribunais ordinarios como no Superior de Xustiza de Galicia e estaba convencido de que o Tribunal Supremo ou Constitucional ou quen demo levase neses momentos o caso fallaría tamén no mesmo sentido ás últimas apelacións dos máis guerrilleiros. Non pagaba a pena seguir teimando con historias sobrenaturais de mortos resucitados indestrutibles. No xuízo explicaran que os efectos da enfermidade provocada por aquel maldito virus eran episodios de perda de conciencia similar ao coma e uns niveis inverosímiles de adrenalina que facían seguir avanzando a pesar dos tiros ou dos golpes, movidos pola atracción de estímulos tan sinxelos como o ruído ou as luces, algo do que sobrava aquela noite nas festas de San Xacobe fronte a un silencioso e escuro contorno circundante. Segundo conseguiran deixar en evidencia os peritos consultados, os cadáveres estudados viñan demostrar que as diferentes feridas ou contusións terían causado os efectos habituais ao cabo dun tempo, só que a urxencia da situación levara á idea equivocada de que o seu único punto feble era a cabeza. Por elo, superviventes como el ou Pico aínda debían agradecer que non os incriminasen como homicidas naquela noite tan confusa.

Por suposto, seguía pensando que aquela Compañía fixera as cousas rematadamente mal, pero tamén cría que debía recoñecérselle os seus intentos de minimizar os males. Efectivamente, a cousa fóraselle nun primeiro momento das mans e, sen dúbida, cando por fin se decidiron a pedir axuda, a traxedia xa estaba desatada, pero non era menos certo que as Forzas da Orde non resultaran precisamente tranquilizadoras, illando a parroquia e mesmo a vila e cortando as comunicación co exterior, por moito que ese fora o protocolo establecido nunha infección tan grave, e apenas aportando unha axuda adecuada a situación, agás disparar e eliminar aos atacantes que puideran supor un risco evidente. Aquela empresa, antes do amencer desa noite aciaga, xa tiña deseñadas de urxencia as diversas liñas de axudas e indemnizacións para os afectados. Seu pai adoitaba dicir que é de homes de verdade poñer o peito fronte aos erros e asumir as consecuencias e por iso consideraba que esa corporación tivera ao cabo o comportamento apropiado. Por moito que algúns amargados daquel concello, eternos fungóns por todo e por nada, seguisen cuspiendo con rabia a idea ridícula de que mercaran o silencio de toda a parroquia, a única e evidente realidade era que os veciños e familiares superviventes a aquelas festas de morte e terror cobraran practicamente o 90% do que nun primeiro momento pensaran esixir por danos e prexuizos, unhas cantidades elevadísimas que non imaxinaran percibir nin nos seus soños máis optimistas.

Hostias, el era o primeiro en clamar pola traxedia vivida, con aquelas únicas oito persoas sobreviventes do total que estaban no torreiro, e porque aquel helicóptero de recoñecemento da Garda Civil acabara recollendo a seis delas por decisión exclusiva do piloto, aínda non estar preparado para iso. El

daba as grazas a Deus todos os días por salvarse e que ninguén da súa familia sufrise sequera unha rabuñadura e choraba sen bágoas por todas e cada unha das amizades perdidas: os Coelleiros, Paco, Miguel, Camilo, Tula..., pero víase a si mesmo como un home coa suficiente perspectiva de futuro e non quedar atascado nun pasado doloroso e xa irreparable. Pois si, retirara a súa demanda aos poucos días, era verdade, pero porque lle parecera propio de miserables seguir con ela con todas e cada unha das súas esixencias satisfeitas no que podían considerarse tempos record. Por suposto que entendía perfectamente esa petición habitual da empresa da maior discreción. Perderan un monte de prestixio e o último que precisaban era un feixe de falabaratos. E a decisión de contratar ao pedáneo como presidente da Fundación San Xacobe, pensaba el, demostraba perfectamente a boa vontade daquela xente. De calquera é sabido que para lograr unha boa comunicación cunha comunidade determinada, debes contar cos líderes locais e el era un deses, por moito que lle pesase a parte daquela veciñanza. Avaliaba como excelente o seu traballo. Aquela Fundación axilizara a xestión de todas as indemnizacións, creara un premio para estudos sobre os mecanismos das infeccións e, antes de dous anos, pensaba levantar un memorial na parroquia en homenaxe ás vítimas daquela noite no solar da casa dos Coelleiros. Eran cousas que vía como éxitos propios, e non aceptaba nin un chisco dos comentarios a mala fe sobre a súa idoneidade para o posto que ocupaba.

Achegouse á súa casa a recoller á muller pero esta, unha vez máis, marchara a casa dos seus pais por calquera esixencia ineludible deles, esquecendo seica aposta todos os recordatorios da importancia da data, así que, como era habitual nos últimos tempos, tocáballe enfrontarse en solitario

aos actos solemnes. Tamén unha vez máis, interrogouse sobre o sentido da súa relación ultimamente, e non só polo acontecido o ano anterior. Ela levaba moito sendo distante, e nin a traxedia vivida doce meses antes parecera espertarlle algo parecido á preocupación ou á angustia. Non obstante, pensou que, mentres continuase por alí e o acompañase de cando en vez ás ceas e demais eventos que a compañía organizaba (e que a ela lle encantaban, por canto daban a oportunidade de estrear roupa), todo se mantería aceptablemente.

Conduciu o seu flamante Q7 até o torreiro onde, precisamente, un ano e un día antes deixara de calquera xeito o todocamiño, agora en usufruto polo seu fillo maior. Aínda que faltaban case vinte minutos para o inicio da misa, había moita xente tanto por aquela chaira como na porta da igrexa. Sabía que varios executivos e empregados do laboratorio pensaban acudir tamén ao oficio relixioso pero, para evitar suspicacias, procurarían entrar a última hora. Pola contra, el prefería ese encontro previo cos asistentes pois entendía que como o seu antigo representante debía estar con eles. Algún achegouse a saudalo e, para a súa enorme satisfacción, agasallouno con palabras de agradecemento pola súa axuda coas indemnización e o seu traballo na Fundación, pero tamén detectou miradas de rexeitamento e aínda de odio entre outros veciños que o evitaban ou directamente lle torcían a cara para non saudalo. Nese grupo estaba, para a súa profunda decepción, Pico, quen, ademais, o deixou en evidencia cambiando sen disimulo a traxectoria da marcha e evitando o seu encontro. Raúl sentiu como se lle dese unha labazada diante de todo o mundo. Consideraba que o seu comportamento con el fora impecable e, se non lembraba mal, salváralle a vida polo menos nun par de

ocasións, así que non podía entender de ningún xeito unha actitude tan despectiva. Sabía que Pico quedara realmente mal e que por iso marchara a Ferrol coas fillas, deixando negocio e casa propios por un miserable traballo asalariado e unha estreita vivenda de alugueiro nun inútil intento de esquecer, incluso podía comprender a súa batalla coa empresa, negándose a calquera acordo económico e teimando coas súas apelacións no Tribunais (comentábase na vila que se desfixera das mellores leiras da herdanza familiar para pagar aqueles gastos). Perdera muller e moitos amigos de toda a vida, era comprensible, pero resultaba inaceptable ese desprezo cara ao seu compañeiro na fuga. Estivo a piques de correr canda el e recriminarlle a súa actitude pero, no fondo, sabía que así quen quedaba en mal lugar era o pérfido lambecús dos laboratorios, segundo as desconsideradas palabras dos que seguían enleando cos tribunais. Limitouse por tanto a entrar na igrexa coa cabeza baixa e sentar na primeira bancada onde lle deixaron sitio. Ao lonxe distinguiu á súa irmá que tamén parecía esquivar a súa mirada, pero preferiu nin dignarse a tela en conta. Nese caso, sabía perfectamente o que pasaba, que non era outra cousa que estar sentada a carón dunha das parellas líderes do movemento dos fungóns, e como ben lembraba desde os máis tenros anos da nenez, ela era das que practicaban os comportamentos de comenencia e mudaban así as filias e fobias sen recato nin pudor. Se de algo estaba seguro era que súa irmá fora das máis beneficiadas nas indemnizacións, sobre todo polas súas xestións como presidente da Fundación e, era duro de dicir, pero tamén era a crúa verdade, grazas á morte de seu fillo Carlos reformara a casa para poñela coas comodidades propias dun palacio. Por iso, aqueles arranques de digna rabia que ás veces amosaba en público contra el non podían causarlle

outra cousa que o maior dos desprezos. Que se coñecían de sobra. Que aínda seguía correndo a buscalo cando tiña un problema, pois de ningunha outra maneira podía chamarse o retorno ao fogar familiar de Vanessa, filla maior e auténtica deshonra da familia, regreso con toda seguridade motivado pola posibilidade de facerse cunha parte daquela indemnización. Si, agora non era capaz de cruzar co seu irmán a mirada, pero case un mes antes ben que lle fora pedíndolle choio para aquela rapaza atrincheirada no seu antigo cuarto infantil que non facía nada, só comer, durmir e mandar mensaxes polo móbil a un tal Luís. O que se di, un caso perdido, sen falar de que, e iso era bastante máis consistente que calquera rumor de faladoiro, tiña serias sospeitas sobre o seu historial penal e policial, por moito que ela xurase pola memoria do seu irmán (con bágoas de crocodilo incluídas) que en todos aqueles anos de ausencia levara unha vida alternativa, de comunas e traballos fóra do sistema laboral, mais dentro da máis estrita legalidade. Pero el era Raúl, o eficaz alcalde pedáneo de antes e máis eficaz presidente da Fundación actual. Tras unhas cantas voltas, conseguiu o vello posto de Carlos para ela nunha sorte de xustiza poética de baixa calidade. Sabía que non era o mellor remedio, e na Compañía pregaron un pouco o cello ante a proposta, pero aceptaron contratala por tres meses. Solucionado, e iso que esa sobriña estúpida ía deixalo fatal con quen precisamente pagaba o seu salario. Vanessa chegaba tarde ao seu posto case todos os días e era a primeira en abandonalo con escusas inverosímiles, era lenta e descoidada no seu traballo e xa gañara unhas cantas rifas non só dos xefes, senón incluso do persoal dos laboratorios, cando non era ela a que se metía en leas. Tivera varios enfrontamentos con persoal auxiliar, nun incluso estivera a piques de agredir a unha limpadora.

Sabía que acabarían poñéndoa na rúa ao cabo deses tres meses, pode que antes se a moi parva continuaba a fartalos, pero el xa cumprira, conseguíralle o emprego e ante iso nin nai nin filla podían botarlle nada en cara. Tranquilizado por aquela reflexión, axeonllouse e rezou cun recollemento sincero un Noso Pai antes de que comezara a misa.

Non atendera os primeiros “Bolboreta” por ser algo tan esquecido do seu pasado que nin se decatara que eran por ela. Só cando se lle achegou o homiño de aspecto enfermizo ao que lle custou identificar como o outrora corpulento presidente da Comisión de Festas comprendeu que estaban a chamala. Tras saudalo, tivo que xustificar o que debiera parecer grosería co “en realidade, chámome Xoana” que debeu repetir unhas cantas veces máis naquel torreiro. Pasara un ano, pero era evidente que ese home seguía sufrindo. Quixo despedirse axiña del, pero por educación aínda se viu obrigada a soportar as presentacións das dúas fillas, unhas rapazas que tampouco deberan superar a traxedia, como reflectía a inadecuación entre os sorrisos dos seus beizos e a profunda tristura dos seus ollos.

Foi sentar a carón de Laura. Esta reserváralle un asento na bancada do fondo, preto da porta, o sitio estratéxico escollido para poder saír axiña se o seu bebé empezaba a chorar, en vez dos asentos dianteiros dos seus frustrados sogros. Coñecera a quen resultara ser a prometida do garda civil novo no xuízo, ao que ela acudira como testemuña e aquela rapaza como desconsolado público. Xurdira a amizade como consecuencia moi razoable entre dúas persoas de idade semellante na que unha coñecía cousas de primeira man que a outra anelaba escoitar. Xoana preguntárase en diversas

ocasións se facía ben en contar as derradeiras horas da vida daquel Dani a esa muller que o botaba tanto de menos pero, por outra banda, consideraba que esa pobre quedara soa cun fillo e cuns plans de voda co pai da criatura que nunca se chegarían a realizar, así que o único que lle podía ofrecer como pobre consolo era a súa narración dos feitos máis suavizada posible, onde o axente se convertía no heroe sen macula nin error, ao contrario do que pasara realmente naquela noite. Rompéralle o corazón escoitar que o tal Daniel era a persoa máis boa e cariñosa do mundo, que querían casar e do que descubrira que esperaba un fillo xusto o día seguinte ao do torreiro. Xoana non podía deixar de lembrar amolada as continuas indecisións e imprudencias daquel rapaz uniformado pero, tamén, a sensación de infinito desamparo ao velo caer no medio daquelas cousas mentres o helicóptero que os rescatou a ela e cinco máis se afastaba de alí alegando a imposibilidade de facer algo a causa da sobrecarga. Ela berrara e ouveara por mandar algún tipo de axuda, que alguén disparase desde enriba sobre os que se lle abalanzaban... En realidade, non estaba pedindo por unha persoa. Naqueles momentos, entre o balbordo dos motores e mirando aos únicos cinco superviventes cos que se apertaba, clamaba sobre todo por un número, un único rescatado máis que permitise superar a cifra máis absurdamente tranquilizadora da media ducia, pero a estabilidade do aparello voador non entendía desas numeroloxías tan crípticas e bastante tivo con poder afastarse de alí e tomar terra a uns cantos quilómetros con todos os seus ocupantes ilesos. Os cálculos, por tanto, resultaban esmagadores: de todos os que nun primeiro momento andaban polo torreiro só quedaban seis, número logo ampliado a oito cando se atoparon no posto de asistencia médica co pedáneo e o presidente da Comisión de Festas.

As contas finais deran un total de sesenta e oito falecidos naquela parroquia, entre veciños, empregados do laboratorio, das forzas da orde e sanitarias e simples visitantes que elixiran tan pésimo día para pasar por alí, a maioría polos ataques dos infectados e a propia infección, letal ao cabo dunhas horas, e outro número importante abatido en defensa propia, tanto polas persoas que estaban polo torreiro como polos membros do exército. A cociña da casa dos Coelleiros convertérase nunha trampa mortal no asedio dos redivivos porque un deles acabara dando coa portíña disimulada para a leña da cociña económica e reptara por ela na busca do alimento en grandes cantidades que ao outro lado se agochaba, unha portíña que sempre permanecía perfectamente trabada pero que precisamente ese día a dona da casa esquecera pechala en condicións por ter estado limpando por alí para deixar todo o máis brillante posible para a festa, incluso as zonas fóra da vista, como era o caso. Aquela portíña sufrira continuas patadas e pisaduras ao longo da noite até que acabara por ceder, cos horribles resultados finais coñecidos. A dúbida entre cociña e faiado era unha causa recorrente dos insomnios de Xoana. O intre exacto en que quedara interrompido o paso cara a aquela estancia e se vira obrigada a trepar ao faiado, e como ese simple retraso acabara determinando a vida ou a morte. Había un ano e un día, ela estivera segura que non sairía viva daquela casa. Nos escasos tres metros corridos até as escaleiras pensara que darían cabo dela en calquera das formas posibles, e ese temor seguiu mentres pechaban a trapela, no tempo que estivo respirando o aire enrarecido daquel espazo entre teito e tellado, no difícil equilibrio sobre as tellas e na subida imposible ao helicóptero e logo a viaxe de rescate. Pensou que estaba morta mentres o sanitario da pista de aterraxe comprobaba

o seu estado e tamén se viu como cadáver andante ao ser devolta en ambulancia á zona segura na vila. Aínda durante varios meses pensou que en realidade xa non tiña nada que ver coas persoas que falaban, ollaban e respiraban e que antes ou despois pertencería a aquel outro grupo terrible cuxo primeiro membro era o tipo chegado aos tombos ao medio do baile. Non colaboraran nada todos aqueles interrogatorios, xornalistas morbosos e investigación pechada nun breve prazo co xuízo posterior e apelacións tamén resoltas na maior brevidade por canto os acordos económicos son os mellores aceleradores das conclusións. O diñeiro parecera expiar todo aínda que as cantidades desembolsadas, sospeitaba, resultarían insultantemente baixas pola traxedia vivida, pero, aplicados nun contorno onde as estreituras eran o habitual, semellaban ser o premio maior. Moralmente, animaba aos que, como ese Presidente da Comisión de Festas, seguían nesa batalla legal por aclarar as cousas, aínda que non estaba disposta a pasar de aí, non lle quedaban nin forzas nin espírito para algo así, por moito que o seu inaugurado instinto médico lembrase ofendido a xigantesca mentira que eses tipos fixeran papar a todo o mundo. Houbera algo moitísimo máis grave que unha infección descoñecida, con todo o preocupante que esta puidera ser, estaba convencida. Aquelas persoas estaban mortas, comprobara varias veces as constantes vitais en colo, pulso e peito, e non había vida, por moito que teimasen que o nerviosismo do momento, a falta do instrumental adecuado e, sobre todo, a súa falta de práctica, lle fixo errar no diagnóstico, pero era pensar sequera nas posibles accións a emprender e o tremor incontrolable estremecía todo o seu corpo, e xa estaba farta de tremores e de medicación para eses tremores. Simplemente, quería seguir coa súa nova vida.

O dolor aliviado ou as feridas curadas a outras persoas resultaran ser os únicos analxésicos daquelas horas horribles, e deducira por tanto que dispoñer da carreira completa para curar a todos sería o alivio definitivo para ese insomnio pertinaz ou para os ataques de angustia traidores. Trinta e sete horas seguidas fronte aos libros ou encadeando prácticas no hospital como rutina precisa para superar case dous cursos en un e que viñeran proporcionar título e traballo inmediato nun centro sanitario privado e, marabillas das entidades con ánimo de lucro, a posibilidade de seguir enfiando quendas e máis quendas que retrasasen a volta á casa e sobre todo, a volta á cama e aos sonhos. Canto mellor era chegar derreada e caer comatosa sobre a almofada cun sono profundo. Non entendía por elo como é que podía estar nese cabodano. A explicación de que porque Laura teimara con iso non parecía suficiente para a inquietude que a embargaba por completo. O instinto afinado en tantas noites de gardas ditáballe que esa espera da misa era unha mala idea, e non só para o maltreito benestar dos seus nervios. Buscou un remedio rápido para a súa inquietude e elixiu o que parecía máis coherente co edificio no que estaba así que, sobre todo para librarse daquel goteo continuo de información que Laura estaba subministrando sobre os pasos seguidos para que o neniño fose recoñecido como o fillo do axente e ter dereito ás indemnizacións, axeonllouse simulando o maior recollemento e tentou repetir entre dentes un Noso Pai, pero había anos que non o rezaba e tivo que inventar a maioría das súas frases.